



RESOLUCIÓN 2/2020 de carácter extraordinario e referente á realización dos exames da parte específica para o acceso á universidade de persoas maiores de 25 anos.

Tendo en conta que, debido á situación derivada da epidemia do coronavirus COVI-19, a Xunta de Galicia decretou, con data de onte 12 de marzo de 2020, a suspensión de todas as actividades académicas no ensino universitario (<http://www.edu.xunta.gal/portal/medidas-coronavirus>),

Tendo en conta a RESOLUCIÓN do 12 de marzo de 2020 (DOG do 12 de marzo de 2020), da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se lle dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se aproba o Protocolo de actuación para o persoal empregado público da Administración da Xunta de Galicia en relación co coronavirus COVID-19,

Tendo en conta a RESOLUCIÓN do 12 de marzo de 2020 (DOG do 12 de marzo de 2020), da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lle dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19,

Tendo en conta que no calendario de matrícula das probas de acceso á universidade para persoas maiores de 25 anos (2020), indicábase no punto quinto relativo á realización dos exames “Os exames da fase específica realizaranse, en chamamento único, o sábado 14 de marzo, a partir das 08.30 horas”,

A Comisión Interuniversitaria de Galicia

DECIDE

Aprazar o exame das persoas maiores de 25 anos ata nova resolución que se publicará na páxina web da CiUG (<https://ciug.gal>) cunha antelación dunha semana antes da realización das probas. Nesa resolución indicaranse as novas datas de consulta de cualificacións, dos prazos para reclamación e de emisión de tarxetas coas cualificacións.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2020

O PRESIDENTE DA CIUG

Asdo.- Iván Carlos Area Carracedo